



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O COLEXIO DE REXISTRADORES DA PROPIEDAD E MERCANTÍS DE ESPAÑA PARA A CONSULTA DA TITULARIDADE DE SOCIEDADES MERCANTILES A TRAVÉS DO REXISTRO MERCANTIL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar co Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante addenda acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir as condicións de acceso e características técnicas do servizo a través do cal, a Axencia Tributaria de Galicia accederá á consulta sobre a titularidade real de entidades inscritas nos rexistros mercantís por medio dos sistemas alternativos ofrecidos polo Colexio de Rexistradores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





A Axencia Tributaria de Galicia, no marco das competencias que ten atribuídas, e para a adecuada execución das mesmas, require un acceso áxil e eficiente ao Rexistro Mercantil para a consulta das titularidades reais das entidades inscritas. A elo contribúe a colaboración social na xestión dos tributos, prevista no artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (en adiante, LXT), na medida en que a participación dos colaboradores externos nestas tarefas redunda na mellora dos servizos ofrecidos aos contribuíntes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Que o presente convenio de colaboración ten natureza administrativa correspondendo á xurisdición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo poideran derivarse.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

